



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 2 DE XULLO DO 2009

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Alcalde-Presidente
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Segundo Tenente de Alcalde
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. IRENE AGUIAR LALE
Concelleira
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Concelleiro do PP
D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO
Concelleiro
DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO
Concelleira
DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO
Concelleira
D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR
Concelleiro
D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro
DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ
Concelleira

B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE
Primeira Tenente de Alcalde
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira

CIDEGA

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e trinta e dous minutos do día dous de xullo de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Antonio Dono López, réunese no Salón de Sesións a Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario Xeral.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DO 7 DE MAIO E 11 DE MAIO DE 2009.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN SOBRE A AUTOESTRADA AP-53 E A AUTOVÍA AG-59.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

3º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DITADAS NO MES DE MAIO DE 2009 (DO Nº 467 AO 607).
4º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DO 7 DE MAIO E 11 DE MAIO DE 2009.

Polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase aos asistentes se teñen algunha observación que formular ás actas das sesións celebradas os días 7 de maio e 11 de maio de 2009, e cuxos borradores se distribuíron coa convocatoria da presente.

Se ben nun primeiro momento non se detectaran erros na redacción das actas, máis adiante, durante o desenvolvemento da sesión, si se apreciaron dous erros que os Concelleiros acordaron unanimemente corrixir nese intre.

Así pois, finalmente as actas aprobáronse por unanimidade, introducindo as seguintes dúas correccións na acta do 7 de maio de 2009:

Na segunda páxina, onde se recollen os Concelleiros asistentes, suprímese: “D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO (se incorpora á sesións ás 20:38 horas)”.

Correlativamente, engádese o seu nome, dentro do apartado dos Concelleiros que non asisten á sesión.

Na sétima páxina, onde di: “Así mesmo, toma a palabra o Sr. Reboredo Baños, Concelleiro do BNG [...]”

Debe dicir: ““Así mesmo, toma a palabra o Sr. Reboredo Baños, Concelleiro de CIDEGA [...]”

Conformes todos os Concelleiros coas correccións das actas das devanditas sesións, apróbanse por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN SOBRE A AUTOESTRADA AP-53 E A AUTOVÍA AG-59.

Toma a palabra o Sr. Secretario Xeral: *Obra no expediente o correspondente ditame aprobado por unanimidade por tódolos membros da Comisión Informativa de Organización. É relativo á autoestrada AP-53 e a autovía AG-59.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Ben, boa tarde. Unh pregunta ao final o texto que se chegara a un consenso entre todas as forzas políticas, nós contabamos con recibir unha copia antes da celebración do Pleno, pero como non temos constancia desa copia, entendo que sería conveniente dar lectura do acordo, xa que nós unha vez chegado e transaccionado o acordo, non tivemos coñecemento do acordo final, polo que solicitamos que se dea lectura ao acordo unánime que presentamos en relación á autovía.*

***Sr Alcalde:** *Vou ler entonces a certificación da Comisión de Organización, para tomar ben o acordo.*

-Vista a problemática existente entorno a dúas infraestructuras de vital importancia para o Concello da Estrada, como son a AP-53 e a Autovía Santiago – A Estrada

O Pleno da Corporación acorda por unanimidade:

1. Instar ao Ministerio de Fomento a transferir á Xunta de Galicia a titularidade da autoestrada AP-53 entre Santiago e o Alto de Santo Domingo en Dozón, consonte ao aprobado polo Pleno do Parlamento galego o 9 de xuño de 2009.

2. Demandar á Xunta de Galicia que, mentres non se produce ese traspaso de titularidade, estude as posibles fórmulas que pode levar adiante para rebaixar a peaxe na AP-53.

3. Solicitar ao Ministerio de Fomento que, mentres non se produce este traspaso, secunde na AP-53 o esforzo para a Xunta de Galicia está disposta a facer nos viais de titularidade autonómica para rebaixar as peaxes.

4. Instar á Xunta de Galicia a poñer en servizo, no prazo máis breve posible, a conexión da Estrada coa AP-53.

5. Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras que solicite á empresa adxudicataria información sobre o estado no que se atopa a redacción do estudo informativo e impacto ambiental da obra autovía AG-59.

6. Instar á Xunta de Galicia a que incorpore este proxecto no Plan de Infraestructuras e para que asuma o compromiso de axilizar e dar prioridade a este proxecto e consigne as partidas orzamentarias precisas para a súa execución, no horizonte da actual lexislatura.

7. Instar á Consellería competente para que nunha terceira fase se estude a ampliación do proxecto e se conecte este vial coa N-541, para conseguir unha mellor vertebración dos Concellos da Comarca Tabeirós – Terra de Montes.

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Moi ben, como tamén intentamos poñer de manifesto no que foi a comisión informativa, despois da presentación das iniciativas, despois de chegar a un texto conxunto, consideramos que o esforzo debe ser importante neses temas que interesan ao interese xeral, dicir que valoramos moi positivamente ese acordo, que sexa por unanimidade de todas as forzas políticas, e se debemos criticar algo, é criticar un pouco a extemporaniedade. Nós criticamos que debe ser moi fácil perder un pouco a perspectiva de ser oposición, pero dende logo o Partido Socialista parece que son mestres en perder a referencia de cando eran Goberno e cando son oposición. Estiveron catro anos gobernando a Xunta de Galicia e por desgracia para A Estrada non fixeron un só avance nin cumpriron a obriga que saía do Parlamento por unanimidade para intentar acometer os traballos técnicos solapados co traballo construtivo da primeira fase. Para explicarme mellor, no momento no que se estaba construíndo o primeiro tramo Santiago - A Ramallosa, no ano 2006, se chegou a un acordo por unanimidade no Parlamento de Galicia para que aproveitando ese trámite construtivo se iniciase o trámite administrativo para a segunda fase Ramallosa – A Estrada, para o cal adiantaríamos en gran medida o proceso, estimado aproximadamente en dous anos e medio e logo permitiríanos dar unha continuidade construtiva ao que era ese gran eixe vertebrador que é para A Estrada a autovía AG-59.*

Curiosamente, ese compromiso do Parlamento de Galicia, foi incumprido reiteradamente polo POSE e BNG na Xunta de Galicia. Fixeron caso omiso e tamén hai que tirar de hemeroteca para reiterar as dúas visitas que fixo aquí a conselleira no ano 2007 e 2008, prometendo unha e outra vez que esa autovía se ía poñer en marcha a súa execución, e cando temos acceso a toda a información do expediente, nos decatamos de que o estudo informativo, cun prazo de execución de 14 meses foi adxudicado no mes de agosto do ano 2008. Esa é a sorpresa e esa é a xestión que en catro anos fixo o Goberno do PSOE e o BNG por esta fundamental autovía, que agora parece que todos entendemos que é fundamental e necesaria, pero que eu teño as miñas dúbidas que hai tres meses antes das eleccións todos pensabamos da mesma maneira. Alégrame que PSOE e BNG se aveñan a consensos, sempre tendo en conta que agora son oposición en Santiago e dende logo non se caracterizan pola súa valentía política á hora de reclamarlle aos seus socios, aos seus gobernos amigos o mesmo que lle reclaman agora ao PP. Pero como dende logo hai un compromiso feito ademais na Estrada polo que no seu momento era candidato nas listas ao Parlamento de Galicia Agustín Hernández, e no que hoxe é conselleiro de infraestruturas, e ese compromiso que adquiriu con todos os estradenses era de que se o PP gañaba as eleccións, esa autovía sería unha realidade, nós imos cumprir ese compromiso, imos seguir mantendo a palabra dada cando eramos oposición agora no Goberno, e sei que iso ao mellor é difícil entendelo nos tempos que corren pero o noso compromiso é firme e dende logo desa maneira vai ser. Por iso o PP non escapa deste debate nin pretende buscar excusas para non apoiar esta iniciativa. Seguramente se o fixesemos ao revés a postura do PSOE e do BNG, se lle tivesen que demandar ao seu Goberno amigo fose distinta e os feitos están para ver, o que fixo a Xunta de Galicia durante catro anos na Estrada, absolutamente nada, e iso non é por non ter capacidade ou opción, é porque realmente para poder obter os rendementos e os resultados que cada un agarda ten que xestionar, traballar, estar ao pé dos problemas e ten que buscar solucións e dende logo negociarlas. E así é como se

conseguen as cousas e polo tanto nós cremos que ese obxectivo ansiado non só polo noso concello, que aí nós incorporamos unha parte máis ambiciosa nesa iniciativa, que non se quedase só no que é o tramo Santiago – A Estrada, senón que incluso permitise vertebrar a comarca, somos ambiciosos no PP incluso para reclamar esa parte a maiores da autovía que eu creo que é moi necesaria e pode prestar un gran servizo, e polo tanto o noso apoio claro e manifesto a esta iniciativa e dende logo o compromiso, e así está trasladado e no seguimento que se está facendo nos medios de comunicación, e coa relación cercana que teño do actual conselleiro de infraestruturas e de obras públicas, dende logo estar comunicando que unha infraestrutura das comprometidas neste novo Plan de Infraestruturas que acometerá a Xunta de Galicia nesta Lexislatura, será a continuación do proxecto da Ramallosa ata A Estrada. Este é un compromiso firme, nós dende logo ímolo respectar, estou seguro de que o Goberno da Xunta de Galicia vai cumprir dunha vez por todas coa Estrada, pero dende logo queremos deixar constancia da nosa extrañeza de que agora ao PSOE se lle ocorra reclamar o que non foi capaz de reclamar nin unha soa vez cando gobernaba o seu goberno amigo en Santiago, e iso que no seu momento criticaron a algún membro do Goberno Popular por ter saído do Goberno da Xunta de Galicia e ao día seguinte estar reclamando o que segundo o PSOE dicía que non fixera e dende logo son aprendices, e cometen os mesmos erros que vostedes criticaron. Dende logo, a cidadanía sábeo e non van enganar a ninguén, mentres que o noso compromiso está aí e cumprírase, polo tanto o noso voto será favorable a esta moción.

** Sr. Otero Espiño: Ben, en primeiro lugar felicitarnos pola proposta unánime, que sae, que non é só pola autovía Santiago A Estrada, senón tamén polas infraestruturas básicas que afectan ao Concello da Estrada, como son a AP-53 e a autovía AG-59. O acordo unánime implica que a Corporación da Estrada está sensibilizada coa necesidade de infraestruturas viarias, e todos coincidimos que vai ser un factor dinamizador para o noso Concello e para o seu desenvolvemento económico, pero evidentemente eu teño facerlle algunhas puntualizacións Sr López Campos. Primeiro o falar non ten cancelas, di o axioma e cando hai aire son as tarabelas e vostede cando colle o rodillo ten o disco raiado e zumba pero evidentemente como xa lle dixen un día era o símil do muiñeiro, colle paradoira e vostede en calquera dos temas ten que botarlles as culpas aos socialistas, e mire de tanta teima termina aburrindo. Evidentemente vostede falaba de que está nas hemerotecas, pero vostede non as repasou. Mire a AP-53, nacia no último goberno de Felipe González como unha autovía Santiago – Ourense. As présas dun conselleiro naquel momento de Ordenación do Territorio coas portas abertas para saír obrigárono a apurar e inmediatamente había que construír un vial de alta capacidade Santiago – Lalín que se transformou nunha autoestrada que nos custou o dobre aos galegos, por un lado por 60 millóns de euros que tivemos que poñer para que o Ministerio de Álvarez Cascos asumise ese vial, e por outro lado pola peaxe que temos que pagar todos os cidadáns que a utilizamos. Entón, primeira cuestión que ten vostede que ter claro é que en temas de infraestruturas non nos van dar leccións vostedes a nós, por que nós queríamos unha autovía que estaba programada Santiago – Ourense e vostedes transformárona nunha autoestrada de Santiago ao Alto de Sto. Domingo. O Goberno de Emilio Pérez Touriño foi capaz de concibir que outro tipo de vial era posible sen custos propios, e sen custos secundarios para os cidadáns, como se fixo cando se transformou dende o Alto de Sto. Domingo ata Ourense nunha autovía. Polo tanto non imos entrar a describir máis este tema pero evidentemente tamén estamos de acordo e hai acordo unánime do Parlamento para que este vial paseniña e paulatinamente se converta nunha autovía de servizo para todos os cidadáns e libre de peaxe.*

Segunda cuestión: na AG-59 aquí si que vostede non repasou as hemerotecas. Mire dende o ano 89-90 ata o 95 gobernou o PP en Galicia, quero recordarlle que a primeira iniciativa que se tomou nesta Corporación foi do Grupo Socialista presentando unha moción demandando a autovía da Estrada a Santiago como un vial dinamizador para este concello, como eixe vertebrador básico que nos conectase coas grandes liñas de comunicación coa autopista A-9 e coa capital de Galicia. Coincido con vostede onde di que a nosa comarca non conta con vías de comunicación axeitadas para o seu desenvolvemento, pero vostedes en 16 anos de gobernos Fraga, non fixeron absolutamente nada por melloralo, porque mire, cando naceu este proxecto, co conselleiro que mencionaba antes, o SR Cuiña, naceu como a Variante de Cacheiras e senón mire o proxecto inicial, para desconxestionar Cacheiras

circunvalar coa saída de Noia. E automaticamente presentouse unha moción tamén co apoio do PP de que fose unha autovía, e dende aí chegou ata Chaodorriño e aí se paralizou. E soamente con Emilio Pérez Touriño se asumiu o compromiso de chegar dende Santiago á Estrada, compromiso firme, de que fose esa autovía. Con vostedes en 16 anos era unha variante para evitar o colapso de Cacheiras, e con nós, cun goberno socialista na Xunta de Galicia se converteu nun proxecto firme consolidable e realizable de autovía de Santiago á Estrada. Mire, non se faga vostede adalide do que non é. Colla vostede as hemerotecas, e verá que no 2005 o seu conselleiro de infraestruturas Sr Núñez Feijoo dicía que non era necesaria unha autovía ata A Estrada pois non había densidade necesaria para ese vial, e nós respostabámoslle por boca do noso portavoz en infraestruturas o Sr Abel Losada, de que un vial de alta capacidade non se fai exclusivamente para desconxestionar tráfico, senón tamén para dinamizar e incardinar territorios que o necesitan no conxunto do país. E o Sr Núñez Feijoo rechazaba a necesidade dunha autovía ata A Estrada no 2005, e o Sr Palmou que era el eco de la voz de su amo respondía o mesmo, que iso se estudaría en función de la densidad de tráfico que houbese no seu momento. No 2006, Emilio Pérez Touriño dixo que iso ía ser unha autovía á Estrada, pois nese momento o Sr Palmou estaba na oposición e demandaba o mesmo que demandabamos os socialistas dende aquí dende a Corporación da Estrada. Polo tanto non se converta vostede no adalide nin porte a bandeira da autovía porque non a ten. E dende logo, feitas estas puntualizacións quérolle recordar que vostede nestes momentos co acordo unánime da Corporación ten unha responsabilidade, axilice, dinamicice, priorice na Xunta de Galicia acometer este proxecto, porque mire, dende logo vendo a súa moción hai unha serie de contradicións. Por un lado di que o PP sempre defendeu que se iniciase o trámite administrativo da segunda fase. Estoulle dicindo que no 2005 o Sr Feijoo dicía que non. Neste ano o novo Goberno asumiu un firme compromiso con esta fundamental infraestructura, e abaixo dime instar á Consellería de Medio Ambiente e Territorio que solicite á empresa adxudicataria información sobre o estado no que se atopa. É dicir vostede quere instar aos socios no Goberno da Xunta a que lle informen de algo que xa é público. Vostede di incorporando unha ampliación do proxecto que dea servizo aos demais concellos.

Os trámites administrativos de que vostede fala aquí no tema este respecto a que nós aprendemos moi rápido, o primeiro que hai que facer é un proxecto informativo e de impacto ambiental. Ese proxecto está encargado, superado este vén o proceso construtivo e logo o expropiatorio e o de execución dese proceso, pero en calquera caso, feitas estas puntualizacións recolla nas hemerotecas a información que ten e home non se converta vostede en abandeirado de algo que non ten dereito a selo, quere vestirse con prumas alleas e é o galo de Morón, que xa o teño sacado nalgún momento. Vostede fai un totum revolutum con querer poder, desexar, cobizar, e non. Non mesture o consciente co subconsciente nin o racional co irracional. Contándolle a parábola de dous animais, díciolle a pega ao corvo, véxote moi negro e o corvo dicía pois a ti tamén che vexo unhas pintiñas e vostede tamén se lle están vendo unhas pinchiñas. Moitas grazas.

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Sr. Espiño vexo que de retórica vai ben, pero de feitos, dende logo ten bastante que desexar á hora de buscar solucións aos problemas dos veciños da Estrada. E o problema real non é que o pague vostede, dende logo de verborrea vai estupendamente, pero á hora de xestionar aos veciños, pouco lles importa o que vostede veña dicir aquí. Dende logo cando di o que acaba de dicir aquí demostra que vostede de historia sabe bastante porque leva 20 anos na Corporación Municipal pero non pode acreditar os mesmos anos que feitos, pero leva para xubilarse no Concello da Estrada e dende logo o seu recordo non creo que sexa o dunha persoa que acometese grandes proxectos nin grandes investimentos nin grandes obras nin trouxera para A Estrada a súa famosa sociedade do benestar, non creo que esa sexa o que pase vostede á historia por iso. Outros levamos menos tempo aquí e pretendemos achegar máis cousas en positivo, pretendemos estar no sitio da toma de decisión e dende logo aproveitar as situacións para conseguir determinados proxectos que para A Estrada son fundamentais. Eu non teño intención de enarbolar ningunha bandeira, o que si ten que ser consecuente vostede é do que di pois se por un lado di isto último e por outro lado di que teño unha responsabilidade despois do acordo plenario que se tome nesta cámara, eu dende logo teño bastantes dúbidas de que é o que teño que facer. Ou teño responsabilidade ou non a teño*

señor Espiño, ou teño que enarbolar a bandeira ou a teño que deixar na casa. Supoño que se teño a responsabilidade que vostede me traslada, será porque será responsabilidade do PP e neste caso do seu voceiro e parlamentario que terá algunha responsabilidade na execución desa autovía. Non se contradiga e dende logo xa sei que a vostede lle molesta que eu traballe pola Estrada, hai pouco demostrando o Alcalde da Estrada a achega que eu podía conseguir para A Estrada, xa sei que non lles fai ilusión ningunha que López Campos traballe para conseguir obxectivos que se levan perseguindo hai moitos anos, pero ese non é o meu problema é o seu problema, dende logo seguirei traballando na mesma liña e seguirei traballando para conseguir todo o que poida para A Estrada. E a min, resúltame verdadeiramente sospeitoso e curioso que vostede me fale do pasado, hemerotecas e historia, que diso seguramente sabe máis ca min, teño que recoñecerllo, pois leva case 20 anos nesta Corporación, eu levo bastantes menos, pero o que non lle interesa falar é a da AP-59, e tamén o entendo e se cometeron erros, hai que depuralos, e farase, pero hai que facer andar os proxectos, e o que non se fará nin se mellorará a calidade de vida dos nosos veciños falando do que pasou no 1995, agora que non pode eludir o que fixo o PSOE, e pídolle que me diga que foi o que fixo o PSOE na Xunta de Galicia dende o ano 2006 ao 2008 en compromiso co segundo tramo da autovía Ramallosa – A Estrada, fixo dúas rodas de prensa da conselleira, vender fume dicindo que se ía contratar de inmediato, e tire vostede de hemeroteca que se ía adxudicar xa no 2007 e adxudicouse no 2008 e déuselle un prazo á empresa adxudicataria, e por iso pido na nosa moción que se inste á empresa adxudicataria, é por que non sei se o sabe vostede, pero é porque ten 8 meses para facer o proxecto, 3 de exposición pública e 3 meses de alegacións, polo tanto a Xunta de Galicia neste momento non coñece o estado do proxecto, ao mellor non son tan eficientes coma vostedes que fan os proxectos técnicos os técnicos municipais. A Xunta de Galicia subcontrata os proxectos, polo tanto non hai nada ata que a empresa lle pasen o prazo de 14 meses que ten a obriga de presentar ese proxecto, que é no mes de novembro, e como pasa 4 meses pretendemos que se nos diga en que estado está e se se están cumprindo os trámites que ían recollidos no prego de cláusulas administrativas. Iso é o que se pide. O que di vostede pois está claro que lle gusta falar media hora e non dicir nada, pero o que lles preocupa aos veciños da Estrada son os feitos e é que vostedes tomaron posesión no Goberno da Xunta, adxudicaron o prego de cláusulas administrativas en agosto do ano 2008, tres anos despois e deixaron absolutamente orfo un proxecto como é o da autovía a Santiago, esa é a realidade vostede maquillea como queira, pónalle as cores que queira, pónalle pintas ou raias, pero a realidade é isa. Sei que é difícil de asumir, que non é do seu agrado que eu faga as xestións que vostedes non fixeron en 4 anos, pero dende logo tiña razón o seu Alcalde cando dicía que un deputado na oposición non valía para nada, ao mellor un deputado no Goberno vale máis ca un deputado na oposición. Pero mentres que vostedes sigan así e mentres vostedes falen nós aínda estando na oposición, nós traballamos pola Estrada, dende a oposición municipal e dende o Goberno na Xunta de Galicia e mentres vostedes falan, pódolles asegurar que están traballando para nós. Moitas grazas.

*** Sr. Otero Espiño:** O seu discurso recórdame aos dos populistas sudamericanos, reiteran e reiteran. Escoitando un discurso de Hugo Chávez e máis o seu pouca diferenza ten. Pero en todo caso, mire, eu levo moitos anos aquí e máis en política e dende que estou, tanto na oposición como no Goberno se acometeron proxectos e se executaron obras, e aí están, e senón en calquera caso neses vinte anos, precisamente neses vinte anos lle digo que a primeira vez que se falou nesta Corporación da autovía Santiago A Estrada foi nunha moción do PSOE, e senón consúlteo e verá atovía Santiago A Estrada e cos seus votos tamén. E dende aí, no Goberno do Sr Fraga ata o ano 2005, non se falou nunca máis da autovía ata A Estrada e foi con Emilio Pérez Touriño cando se asumiu por primeira vez o compromiso firme de facer unha autovía ata A Estrada, é a primeira vez que se dixo que este vial ía ser unha autovía ata A Estrada. Os prazos pode ser que se realizaran, pois a chapuza que o PP tiña feita era tal que esa variante de Cacheiras que ían facer, que ía saír á Sta. Lucía, nin sequera tiña unha conexión coa AP-53, e houbo que subsanar esa deficiencia que foi o que dilatou pois houbo uns custes e uns proxectos que facer, pois senón tratábase de desconxestionar Cacheiras e desprazar o atasco á Sta Lucía o que non solucionaba o acceso a Santiago. Polo tanto non diga que non se fixo nada, e os trámites están aí, agora quedan os seguintes, proxecto de execución, buscar a opción máis rentable etc, e agardo que nun horizonte de 2013 se atope executada, incluso agardo que tal e como

vin nalgún medio de comunicación, que en 3 meses estea aprobado o proxecto non só ata A Estrada, senón ata Cerdedo e Forcarei, polo tanto ese é o desexo xeneralizado, o compromiso de execución para dinamizar toda a Comarca de Tabeirós Terra. Nada máis.

Finalmente, adóptase por unanimidade o seguinte acordo:

-Vista a problemática existente entorno a dúas infraestructuras de vital importancia para o Concello da Estrada, como son a AP-53 e a Autovía Santiago – A Estrada

ACORDDAMOS:

1. Instar ao Ministerio de Fomento a transferir á Xunta de Galicia a titularidade da autoestrada AP-53 entre Santiago e o Alto de Santo Domingo en Dozón, consonte ao aprobado polo Pleno do Parlamento galego o 9 de xuño de 2009.

2. Demandar á Xunta de Galicia que, mentres non se produce ese traspaso de titularidade, estude as posibles fórmulas que pode levar adiante para rebaixar a peaxe na AP-53.

3. Solicitar ao Ministerio de Fomento que, mentres non se produce este traspaso, secunde na AP-53 o esforzo para a Xunta de Galicia está disposta a facer nos viais de titularidade autonómica para rebaixar as peaxes.

4. Instar á Xunta de Galicia a poñer en servizo, no prazo máis breve posible, a conexión da Estrada coa AP-53.

5. Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras que solicite á empresa adxudicataria información sobre o estado no que se atopa a redacción do estudo informativo e impacto ambiental da obra autovía AG-59.

6. Instar á Xunta de Galicia a que incorpore este proxecto no Plan de Infraestructuras e para que asuma o compromiso de axilizar e dar prioridade a este proxecto e consigne as partidas orzamentarias precisas para a súa execución, no horizonte da actual lexislatura.

7. Instar á Consellería competente para que nunha terceira fase se estude a ampliación do proxecto e se conecte este vial coa N-541, para conseguir unha mellor vertebración dos Concellos da Comarca Tabeirós – Terra de Montes.

FÓRA DA ORDE DO DÍA o Concelleiro do PP, Sr. López Campos, solicita a inclusión do seguinte asunto: O Sr. López Campos motiva a urxencia polos prazos establecidos pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia para o levantamento de actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados polas obras do *Proxecto actualizado de vías lentas e melloras de interseccións na estrada N-525*. O prazo para o Concello da Estrada remata o dous de xullo, o que está a provocar, xunto coa deficiente información achegada, unha profunda preocupación aos veciños afectados. Continuarán con esta información nos concellos limítrofes e polo tanto débese aprobar unha moción de urxencia.

Vótase a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Eu non quixen trasladar que non se lles dese información aos afectados, só dixen que a información que obraba no Concello non era suficiente para darlles aos afectados. Eu sei que houbo reunións, que se intentou trasladar aos veciños pero non creo que fosen as mellores condicións para trasladar esa información. Había un plano que non tiña nin as alzadas, tiña un plano en planta, que era un plano parcelario, sen ningún contido de reposición de servizos, etc. Non culpo ao Goberno Municipal senón que digo que con esa información pouco se pode informar aos veciños con eses contidos, polo tanto nós o que pretendemos é instar ao Ministerio a que paralice, mentres non se teña máis información que paralice o proxecto.*

**Sr Alcalde: Ben, coincidimos, estamos de acordo en que esa información non era a máis idónea, por iso falamos co xefe provincial de estradas de Pontevedra por iso temos xa máis información, que se lle está a trasladar aos veciños para solventar as deficiencias que puidese haber, polo tanto se lles parece aos membros da Corporación aprobamos a moción por unanimidade, á que se lle dá lectura a continuación.*

Finalmente, o Concello Pleno, adopta, por unanimidade, o seguinte Acordo:

1º.-Instar ó Ministerio de Fomento para que deixe en suspenso o Proxecto actualizado de vías lentas e melloras de intersección na estrada N-525.

2º.-Instar ó Ministerio de Fomento para que inicie un novo proceso de negociación cos afectados e co Concello da Estrada, co fin de elaborar un novo proxecto que reduza o impacto das obras a realizar no trazado da estrada N-525 e permita compatibilizar os intereses dos veciños das parroquias afectadas coa mellora desta estrada.

FÓRA DA ORDE DO DÍA o Concelleiro do PP, Sr. Partido Popular, solicita a inclusión do seguinte asunto: O Sr. López Campos motiva a urxencia debido á especial situación e repercusión no tecido económico e produtivo na nosa comarca que está a atravesar o sector lácteo galego, xa se tivo oportunidade de tomar un acordo en favor do sector lácteo. Propón un acordo que inste ao Goberno de España a que axilice as medidas para sacar da situación en que está o sector lácteo ou o sector gandeiro. Plantaxerían un acordo unánime en vías dun apoio decidido aos sector lácteo para instar a axilizar as medidas xa pactadas para saír da crise. Vótase a urxencia, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, o Sr López Campos, dá lectura á moción presentada polo PP:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o sector lácteo ten un peso específico de tanta relevancia, que debe ser obxecto de análise e preocupación da Administración competente na materia, con vistas a conquistar un sector máis competitivo, sólido e equilibrado dentro do marco das políticas europeas e nacionais nas que estamos inmersos. Os datos reflicten esta realidade: máis da metade das explotacións leiteiras de todo Estado español están ubicadas en Galicia, producindo aproximadamente un terzo do leite que se produce en España. Ademais o sector da, dun xeito directo ou indirecto, emprego a máis de 40.000 familias de Galicia.

Dende o punto de vista territorial é importante a vertebración do sector. A distribución das explotacións no territorio non só ten unha vertente económica senón, o que é máis importante, ten repercusións territoriais e sociais: de inserción de poboación no rural e conservación e protección da paixase.

O gran proceso de reestruturación sufrido polo sector dende 1993, provocou que desapareceran un gran número de explotacións, na maior parte dos casos, de pequenas dimensións que ao liberar a súa cota asignada, conlevaron unha reestruturación das restantes explotacións que quedaron no sector cunha dimensión produtiva maior, quedando orientadas a seren verdadeiras empresas agrarias.

Co acordo político alcanzado, establécense novas regras do xogo, contemplándose a liberalización das cotas lácteas a partir do 2015. A incerteza provocada pola posible

eliminación das cotas e as distorsións producidas nos mercados mundiais (que tanto se están facendo sentir no sector nestes tempos), poñen nunha situación delicada a moitas das explotacións existentes en Galicia, deixándoas nunha desvantaxe competitiva fronte as doutros Estados nun mercado liberalizado.

Ante esta situación, é preciso que dende o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, a Xunta de Galicia e as demais institucións provinciais oy locais, se fagan os esforzos necesarios co fin de impedir que as nosas explotacións perdan competitividade no mercado liberalizado, e que sigan a manter o seu papel fundamental de vertebradoras do territorio, a súa función social de mantemento do tecido no agro galego, e particularmente en zonas desfavorecidas.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de A Estrada a adopción dos seguintes ACORDOS:

Pleno do Concello da Estrada insta a:

- Impulsar dende os organismos adecuados das Administracións competentes na materia ao apoio á firma de contratos homologados que lle dean a estabilidade necesaria ao sector nun tema tan importante como é a garantía na recollida e o prezo.*
- Impulsar medidas que aporten liquidez ao sector, nun momento no que as explotacións están afectadas pola situación de crise, polo recorte dos prezos do leite percibidos polos gandeiros e polas dificultades de acceso ao crédito. Estas medidas que se poden implementar serían: préstamos cos xuros subvencionados pola Administración, anticipo de axudas, financiamento de avais, divulgación de técnicas de redución dos custos de produción, etc.*
- Que se leven a cabo os controis necesarios en todos os eslabóns do sector, dende a produción, a industrialización e ata a comercialización, para evitar prácticas fraudulentas que poidan facer desequilibrarse ao sector.*
- Solicitar á Administración Central, e en concreto ao Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino, que se implementen e coordinen todas as medidas e se impulsen cara a outras CC.AA., tal e como se está a facer dende a Xunta de Galicia.*

***Sra Raquel López Doce, concelleira do BNG:** *Dende o BNG estamos de acordo coa formulación dunha moción urxente para a adopción de medidas que apoiem e paliem o sector lácteo galego, dada a súa importancia no sector produtivo do país. Sábese que o sector agro – gandeiro está atravesando un momento de especial dificultade, están dispostos a chegar a unha moción de consenso, de salvarse varios matices, que se poden aclarar no debate se é necesario. Seguidamente procede a dar lectura aos acordos propostos na moción presentada polo BNG.*

Instar ao goberno español a renegociar a actual asignación de cotas entre os distintos Estados membros da UE, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galiza, que necesitan máis cota para ser viábeis.

1º.- Instar ao Goberno español a propoñer na UE unha actuación decidida e concreta, para regular os mercados e garantir prezos aos produtores de leite, de xeito que se garanta a viabilidade do sector, do mesmo xeito que se actúa con outros sectores económicos.

2º.- *Instar ao Goberno do Estado e á xunta de Galiza a coordinar as actuacións necesarias para:*

- a) *Garantir a recollida de todo o leite producido na Galiza.*
- b) *Establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe -actualmente por debaixo do prezo de custo- en tanto non se recuperen os prezos de mercado.*
- c) *Garantir a continuidade da industria transformadora existente na Galiza, e en concreto, da planta de Pascual na provincia de Lugo.*

3º.- *Comunicar este Acordo Plenario ao. presidente do Goberno do Estado, ao Presidente da Xunta de Galiza, aos Grupos Parlamentarios do PP, do PSOE e do BNG, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.*

Como ve, aquí non se fai referencia ao contrato homologado, pois como vostede é sabedor, no anterior Goberno autonómico a Consellería de Medio Rural creou un contrato homologado para o leite, o Goberno do Estado tamén creou outro contrato, e nós entendemos que o contrato que se creou pola Consellería de Medio Rural é máis eficaz e máis seguro para os gandeiros, e polo tanto non podemos aceptar a súa proposta de resolución. Non sei se acepta vostede os cambios e se podemos chegar a unha resolución de consenso.

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Creo que moitos deles son coincidentes na práctica, con matices, pero no fondo a min váleme perfectamente cegar a unha redacción conxunta con tal de aprobala por unanimidade. Sen ánimo de abrir debate, pero vexo que as dúas mocións son coincidentes practicamente, e a moción foi presentada polo PP e dende logo, estamos na liña de negociar o acordo, e dende logo o 1º, 2º e 3º acordo son moi coincidentes co que plantexa o BNG, o 4º que sería o máis xenérico intentar refacelo, entón nós plantexariamos os 3 primeiros puntos que están na nosa moción e incorporar a maiores os puntos que non estivesen incorporados.*

***Sra Raquel López Doce, concelleira do BNG:** *No primeiro punto, nós entendemos que a competencia é da Xunta, porque aí parece que queda un pouco dedesbuxado quen é o responsable o de incorporar medidas que acheguen liquidez, na nosa proposta, no punto primeiro que é renegociar a nivel europeo a ampliación de cota entre os países produtores, instar ao Goberno para regular os mercados e garantirlles os prezos aos produtores de leite de xeito que se garante a viabilidade ao sector, está en consonancia cunha moción que aprobabamos hai pouco de apoio ao sector leiteiro, para que o Goberno do Estado que é quen ten competencias para evitar o dumping, é dicir, que se importe leite por debaixo do custe. Poderíamos facer unha transacción, no 1º, en vez do segundo, meter os 4 puntos que propoñemos nós e manter que se impulsen os controis nos distintos eslabóns, nós non temos problema, e tamén en manter ao Goberno Central que se implementen e coordinen todas as medidas que se impulsen en relación a outras comunidades autónomas produtoras.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Tamén debemos ter en conta o noso punto, onde se atenden ás mediadas financeiras, que é onde agora mesmo as explotacións están pasando un mal momento, e que agora é o momento de axudarlles coa posibilidade de operacións financeiras.*

***Sra Raquel López Doce, concelleira do BNG:** *É certo, pero tamén que o BNG apoia que se establezan axudas directas, como fixo xa a administración asturiana, por iso figura na moción.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Ben, perfecto.*

***Don José Manuel Reboredo, Concelleiro de CIDEGA:** *Nós queremos manifestar a nosa opinión respecto ao formulismo que se está a levar a cabo nos Plenos. Creemos que non se*

pode, e así o manifestamos en máis dunha ocasión, que non é produtivo presentar mocións fóra da orde do día e logo comezar a transaccionar, que se corriximos, que se non, creo que debemos ser serios, débense presentar a mocións, pódese ter material previamente, polo que nós, aínda que estamos de acordo co contido das mocións pero ante a reiterada forma na que se veñen presentando, pois imos absternos como unha medida de rebelión cara o formato que vaíamos analizando, pois non é posible que en dous minutos todos teñamos claro que é o que estamos acordando.

**Sr Alcalde: Iso é algo que creo que temos que facer a continuación, alguén que resuma todo, pois non temos claro en que quedou o debate, entón teremos que ler o acordo na súa integridade para ver que é o que se está acordando.*

Seguidamente a Sra López Doce dá lectura ao acordo tal e como queda na súa redacción definitiva. Así, apróbase o seguinte acordo cos votos favorables dos Sres Concelleiros do PSOE, BNG e PP (19) e a abstención dos concelleiros de CIDEGA (2).

1º.- Instar a impulsar dende a Xunta de Galicia o apoio á firma de CONTRATOS HOMOLOGADOS que lle dean a estabilidade necesaria ao sector nun tema tan importante como é a garantía na recollida e o prezo.

2º.- Instar ao goberno español a renegociar a actual asignación de cotas entre os distintos Estados membros da UE, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galiza, que necesitan máis cota para ser viábeis.

3º.- Instar ao Goberno español a propoñer na UE unha actuación decidida e concreta, para regular os mercados e garantir prezos aos produtores de leite, de xeito que se garanta a viabilidade do sector, do mesmo xeito que se actúa con outros sectores económicos.

4º.- Instar ao Goberno do Estado e á xunta de Galiza a coordinar as actuacións necesarias para:

- a) Garantir a recollida de todo o leite producido na Galiza.
- b) Establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe -actualmente por debaixo do prezo de custo- en tanto non se recuperen os prezos de mercado.
- c) Garantir a continuidade da industria transformadora existente na Galiza, e en concreto, da planta de Pascual na provincia de Lugo .

5º.- Instar a que se leven a cabo os controis necesarios en todos os eslabóns do sector, dende a produción, a industrialización e ata a comercialización, para evitar prácticas fraudulentas que poidan facer desequilibrarse ao sector.

6º.- Solicitar a Administración Central, e en concreto ao Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino, que se implementen e coordinen todas as medidas e se impulsen cara outras CC.AA., tal e como se está a facer dende a Xunta de Galicia.

7º.- Comunicar este Acordo Plenario ao presidente do Goberno do Estado, ao Presidente da Xunta de Galiza, aos Grupos Parlamentarios do PP, do PSOE e do BNG, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.

B) PARTE DE CONTROL E DA XESTIÓN

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DITADAS NO MES DE MAIO DE 2009 (DO Nº 467 AO 607). Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 467 e 607 correspondentes ao o mes de maio de 2009.

O Pleno queda sabedor.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Queremos facer unha pregunta, que é que antes da sesión plenaria teñamos a acta da sesión anterior, pois é un tema que nos permite certa operatividade aos que imos seguindo a sucesión dos asuntos, é moi necesario. Xa sei que a sesión anterior foi a dos presupostos e será unha acta laboriosa, pero queremos preguntar se se vai poñer remedio a esta situación.*

***Sr Alcalde:** *Por parte do equipo de Goberno non hai ningún inconveniente, eu penso que máis ca nada será unha cuestión de problemas de elaboración da acta por parte do persoal responsable.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *En relación a isto, teño outra pregunta, en relación ao debate ou non debate feita polo PP con respecto á aplicación do Regulamento de Participación Cidadá e se o Goberno estaba ponendo as actas. Gustaríame saber se a Sra Primeira Tenente Alcalde, en aplicación do Regulamento de Participación Cidadá, segue dicindo o que dixo hai un mes, que as actas estaban na páxina, que toda a información estaba na web da Internet que estaba totalmente actualizada, pois nós estivemos facendo un seguimento durante todo este mes, e non sabemos se a acta anterior foi colgada por casualidade o día anterior á celebración da sesión, por primeira vez dende que se tomou o acordo.*

***Sra Raquel López Doce, concelleira do BNG:** *Imos ver, non poido afirmar o que afirmaba no Pleno anterior, porque faltaría á verdade. Aprobouse o Regulamento de Participación Cidadá, déronselles instrucións aos funcionarios, que desen cumprimento ao que está no Regulamento que é norma, unha vez que está aprobado e en vigor, temos que cumprir tanto membros da Corporación como funcionarios. Esa función encomendóuselle a unha persoa que non é funcionario, é persoal laboral temporal, hai actas colgadas, si que hai actas, que eu téñoas visto, non ían desaparecer. Estivéronse ponendo as actas ata que ese persoal laboral foi enviado a outro servizo. Unha vez que vostede formula no Pleno o rogo porque hai que dar cumprimento (para iso propuxemos e aprobamos) o Regulamento de Participación Cidadá, que non estaban alí as actas, efectivamente non estaban e polo menos as dos Plenos xa se están colgando directamente, e nas de Xunta de Goberno Local, hai acordos que están suxeitos á Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal, e que necesitan un traballo posterior, pois hai que eliminar datos persoais e de momento non é posible, pero que pronto será un feito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Paréceme ben, pois vostede respondeu dicindo que eu non mirara a páxina e que dende logo tiña por seguro vostede que sabía rotundamente que se estaban colgando os acordos de Xunta de Goberno Local, e logo é o que nós dicimos e non están. As actas, cando se colga a última desaparece a anterior. Entón só hai unha acta*

colgada que é a do Pleno que aprobamos hoxe e a última de Xunta de Goberno do mes de xuño. Non hai nin arquivos, nin biblioteca nin nada, non hai ningunha acta previa á celebración da anterior a esta que estamos celebrando e a nosa pregunta é que se o circuíto non ten capacidade suficiente, ou que está pasando.

***Sra Raquel López Doce, concelleira do BNG:** *Non hai ningunha causa que xustifique que cando se colga unha acta se descolgue outra. Descoñezo se por algún motivo o persoal que se encarga desas funcións, retirou as demais ao mellor por descoñecemento, pero o correcto, sería que se puidese acceder a unha carpeta por mandato e o sistema debe aguantar varios mandatos. Ao mellor o Sr Reboredo sabe máis polas características técnicas que ten; supoño que deben soportar unha biblioteca para dentro de 20 anos ver como se tomaron os acordos. Eu o que si lle podo dicir é que me vou informar e que para o próximo Pleno intentaremos que todo estea correctamente.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Houbéralle agradecido que esa resposta ma dese no Pleno anterior e agora non estaría faltando á verdade.*

***Sra Raquel López Doce, concelleira do BNG:** *Sr. López cando aprobamos o Regulamento comprobamos que iso se estivese facendo e si se estaba facendo, esa é unha certeza absoluta*

*** Polo Sr. Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Tamén quería facer unha serie de preguntas, a primeira relacionada cun expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial que se presentou o 4 de maio de 2009, con relación á demolición da vivenda que tiña en Codeseda. Sabemos que o 11 de maio o Concello remitiu ao Consello Consultivo un expediente no que se solicitaba deste órgano que emitira un informe sobre a posibilidade de que fora recoñecida indemnización con carácter previo á demolición e ademais sabemos tamén do compromiso adquirido de abrir un expediente no que se dirimise a responsabilidade ou non que pode ter o Concello nese acto administrativo.*

A nosa primeira pregunta é. Ten o Goberno información sobre o informe remitido polo Consello Consultivo?.

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

*** Continúa o Sr López Campos:** *Iniciouse o expediente para determinar a posible responsabilidade patrimonial do Concello?.*

***Sr Alcalde:** *Non*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *De non ser así, dende logo, cal é o motivo?.*

***Sr Alcalde:** *Que estamos agardando todavía a certificación do arquitecto que dirixiu a obra de que a demolición se levou a cabo de acordo co previsto.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Ten o Goberno Municipal o compromiso de, tan pronto como teña esa certificación, de iniciar o expediente administrativo para derimir a responsabilidade patrimonial do Concello?.*

***Sr Alcalde:** *si*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Ten o Goberno o compromiso de trasladarlle aos demais membros da Corporación Municipal información deste proceso, e no caso de que exista unha responsabilidade patrimonial ou exista informe do técnico trasladarllo aos demais grupos desta Corporación Municipal?.*

***Sr Alcalde:** *Todos os expedientes e informes deste Concello están á disposición nas dependencias do Concello e dos portavoces ou concelleiros da oposición ou do Goberno.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Moitas grazas. A segunda pregunta, ou ao mellor é algo máis ca unha pregunta, están relacionadas coa noticia destes días, están relacionadas coas Festas de S. Paio 2009. Nós consideramos que estes últimos días está a saír información e queremos deixar claro que toda a información que fomos recabando durante estes días foi a través dos medios de comunicación, pois non tivemos a sorte de ter unha comunicación oficial e polo tanto estar ao tanto de todos os acontecementos que foron pasando e entendendo que as festas son de todos como dixo o Sr Alcalde, e que todos debemos colaborar o Partido Popular, xa que non ten información ningunha sobre o estado actual, quere formular unha serie de preguntas: Foi chamado o Partido Popular a algunha reunión para tratar sobre a problemática xurudida a partir da organización das Festas da Estrada?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Non sería xusto que a decisión a adoptar se tomase de acordo entre outros, coas forzas políticas que formamos parte da Corporación Municipal?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Tendo en conta que xa tiveron varias reunións do chamado Comité de Crise, cal é o estado actual do capítulo de ingresos das Festas?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Cal é o estado actual do capítulo de gastos das festas?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Existe constancia documental dos pagamentos efectuados, dos pagamentos pendentes de efectuar, dos cobramentos realizados e dos cobramentos pendentes de recadar?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *A canto ascende o compromiso económico adquirido coas atraccións?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Se como dixo o concelleiro Sr Sanamartín que se reuniu periodicamente coa Comisión de Festas, era consciente de que para dar cobertura ás cantidades comprometidas coas atraccións tiñan que venderse aproximadamente 5.000 bonos?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Nesas reunións mantidas, tiña constancia da evolución da venda de bonos?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Foi consciente de que os bonos vendidos non alcanzaban máis que para pagar a cuarta parte do comprometido coas atraccións?*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Tivo constancia de que a Comisión de Festas contemplaba a venda de máis de 4.000 entradas en taquilla para cubrir os gastos de La Oreja de Vangog?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Foi nalgún momento coñecedor da venda das entradas para ese concerto?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *A canto ascende aproximadamente o desaxuste orzamentario das Festas de S. Paio 2009?.*

***Sr Alcalde:** *Contestarémoslle por escrito.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Moitas grazas, téño bastante máis claro que ao principio, dende logo, é unha clara vontade de participación e de colaboración e dende logo para o noso grupo político a única forma de informarnos.*

***Sr Alcalde:** *En eso estaba claro antes de que vostede fixese esas preguntas. Se ten algunha pregunta máis que facer, por favor fágaa, que non imos entrar en debates.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *Por suposto que si. Non, vou ir aos rogos, porque total as preguntas non mas contestan, entón terei que ir aos rogos a ver se conseguimos algo. Como xa me imaxinaba cal ía ser a resposta, e como xa me imaxinaba que o que menos lle interesa ao Goberno é dar participación aos partidos da oposición, aínda que apliquen a máxima de dicir unha cousa e facer o contrario, que é moi habitual en vostedes e o levan facendo de forma maxistral, sentímonos bastante doídos pola actitude que vén mantendo este Goberno e dende logo polo escurantismo total e absoluto que mantén vostede neste tema non dando participación aos grupos da oposición, o que se contradí bastante coas declaracións que fan nos medios de comunicación. E tendo en conta as respostas recibidas, por que xa má imaxinaba cal ía ser, sobre un tema tan importante como a responsabilidade final do Concello na organización da Comisión de Festas, rogamos para que non teñamos que agardar ata o seguinte Pleno, xa tiñamos o rogo preparado por que son bastantes previsibles vostedes, rogamos que convoquen unha Comisión de Seguimento de Órganos de Goberno para dar cumprida conta de todos os datos que sexan de interese e se achegue transparencia a este delicado proceso.*

Temos un último rogo que vai na liña que todos podemos comprobar por que todos nos temos que achegar a este Salón de Pleno para celebrar unha voda civil, (pois cada vez son máis as persoas que deciden casar no Salón de Plenos do Concello) e coa intención de poder ofrecer unhas óptimas condicións, rogamos que se estude a posibilidade de instalar un equipo de aire acondicionado e a substitución das butacas do Salón de Plenos que daría unha imaxe máis axustada á realidade do noso Concello, sobre todo vendo como vimos

vendo que a evolución de actividades que se realizan é cada vez maior e polo tanto daríamos un mellor servizo. Moitas grazas.

***Don José Manuel Reboredo, Concelleiro de CIDEGA:** *Vou ser moi breve, pois xa levamos a noite bastante vou facer un rogo por que esqueceume cando aprobamos a acta, e di “así mesmo toma a palabra o Sr. Reboredo Baños, concelleiro do BNG”. Evidentemente iso non é posible nin conveniente.*

Eu tamén quería facer outro rogo, que a raíz do que se falou antes das novas tecnoloxías e colgar as actas na páxina web, eu pediría que tamén as convocatorias se fagan a través de correos electrónicos correspondentes, por ser moito máis áxil e operativo e aforrar recursos humanos, sobre todo no verán, que imos estar ausentes e polo tanto a min gustaríame. É máis fácil ter os correos electrónicos de 21 persoas e enviar todo por ese medio.

Tamén quero facerlle unha pregunta á primeira tenente de alcalde, gustaríame saber se estaba informada polos seus socios de goberno da situación que se produciu coas Festas de S. Paio.

***Sra. 1ª Tenente Alcalde:** *Pois teño que dicirlle que non.*

***Don José Manuel Reboredo, Concelleiro de CIDEGA:** *Entón vostede non formou parte dese gabinete de crisis. E a terceira, entón vostede ten a mesma consideración que os grupos da oposición.*

***Sra. 1ª Tenente Alcalde:** *Imos ver, eu non sei se esa é unha pregunta de Pleno, e en todo caso non lla teño que responder eu. Non teño problemas de autoestima, téñome nunha consideración normal, como calquera membro da Corporación.*

***Don José Manuel Reboredo, Concelleiro de CIDEGA:** *Eu tiña as dúbidas de que vostede estivese desaparecida, e entón quería o recoñecemento. Nada máis.*

***Don José López Campos, Concelleiro do Partido Popular:** *É un rogo para o Sr Sanmartín Obelleiro, non é que teña nada en contra del, pero hoxe tocáronlle a el os rogos do Partido Popular. Temos constancia que por parte da Asoc. De Nais e Pais de Alumnos de Figueroa, con datas 24 de abril de 2008 e 24 de abril de 2009, presentaron escritos nos que solicitaban unha serie de arranxos no centro escolar, entre eles substituír canalóns e tellado xa que filtra augas, reparar e substituír o cerramento do patio por ser perigosos os arames, adecentamento do cerramento exterior do centro consistentes no pintado. A día de hoxe ningún deses compromisos, adquiridos persoalmente polo Sr Sanmartín, foron cumpridos. Ademais, nestes días foron presentar outro escrito, pois o centro ten novas demandas, e estase deteriorando e hai parece ser un compromiso por parte do concelleiro Sr Sanmartín Obelleiro de arranxar iso, dende hai máis de un ano. O noso rogo é que atenda á petición da Asoc. De Pais de Alumnos, pois non están pedindo para eles, están pedindo para melloras no centro educativo, que creo que é de interese para todos.*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.

A Estrada, 2 de xullo de 2009
O SECRETARIO,

Asdo.: José Naveira González